

# ANUNCIO

## NAUTA SANXENXO, S.L.

ANUNCIO para a contratación do subministro de carburantes na estación de servizo do porto deportivo de Sanxenxo.

Aprobados os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, que rexen a contratación do subministro de carburantes na estación de servizo do porto deportivo de Sanxenxo.

Obxecto: Subministro de carburantes na estación do Porto Deportivo de Sanxenxo conforme ó prego de cláusulas administrativas particulares e ao de prescricións técnicas.

1. Prezo e duración do contrato: o orzamento mínimo de licitación , sen incluír o imposto sobre o valor engadido, é de 130.000€, o IVE ascende a 27.300€, e o orzamento mínimo de licitación con IVE, é de 157.300,00 €. Nauta Sanxenxo S.L percibirá, como remuneración polos servizos prestados, un canon por importe do 3% sobre o prezo antes de impostos (PAI) de referencia en euros por litro de combustible facturado. Este prezo variable a satisfacer cada ano, segundo a cláusula 21ª.  
O prazo de duración do contrato será de cinco anos como máximo.
2. Procedemento e tramitación: a adxudicación realizarase mediante tramitación ordinaria e procedemento aberto.
3. Lugar e prazo de presentación das ofertas: As proposicións presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Sanxenxo (en diante Concello), das **9 ás 14 horas**, agás o sábado que será das **9 ás 13 horas**, en sobres pechados que poderán ser lacrados e precintados, firmados polo licitador ou persoa que o represente e coa documentación e requisitos esixidos na cláusula seguinte, dentro do prazo de quince (15) días naturais a contar dende o seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial de Provincia, Diario Oficial de Galicia e no perfil do contratante do órgano de contratación que figura na páxina web do Concello de Sanxenxo, [www.sanxenxo.es](http://www.sanxenxo.es). O cómputo de prazos comezará dende a última publicación en calquera dos medios citados. Faise constar que, se o prazo rematase en festivo ou sábado, se ampliará ao día seguinte hábil que non fose sábado.
4. Criterios de adxudicación: serán os determinados na cláusula 9ª do prego de cláusulas administrativas que rexen esta contratación.
5. Mesa de contratación: constituirase conforme o disposto na cláusula 10ª do prego de cláusulas administrativas.
6. Garantías: definitiva do 5% do importe total da adxudicación excluído o IVE.
7. Entidade e información: Nauta Sanxenxo. Teléfono: 986 720 517.
8. Documentación: recollerase en Nauta Sanxenxo e a través da web [www.sanxenxo.es](http://www.sanxenxo.es)

Sanxenxo, 22 de maio de 2015

Catalina González Bea  
Presidenta Consello de Administración